

## RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN (PRIVADA) AUTONOMICA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada autonómica de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0002/15 presentada pola entidade promotora CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

### RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0002/15

As características da promoción son as seguintes:

Localización: SUBIDA Ó CASTELO, 12 – 1º - VIGO

Forma de acceso: COMPRA

Estado de execución: EN OBRA. Data prevista do remate: 30-11-2017

Número e tipoloxía das vivendas: 4 para quenda Xeral.

VIV4 P1 (baixo + semisoto):	77,05 m <sup>2</sup>	2 dormitorios
VIV1 P4 (baixo + semisoto):	75,55 m <sup>2</sup>	2 dormitorios
VIV3 P2 (baixo + 1ª planta):	55,77 m <sup>2</sup>	1 dormitorio
VIV2 P3 (baixo + 1ª planta):	55,72 m <sup>2</sup>	1 dormitorio

Prezo de venda:

VIV4 P1 (baixo + semisoto):	125.206,25 €	VIV3 P2 (baixo + 1ª planta):	94.809,00 €
VIV1 P4 (baixo + semisoto):	122.768,75 €	VIV2 P3 (baixo + 1ª planta):	94.724,00 €

Forma de pago:

CHEQUE BANCARIO.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos e anotados no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010. Non se admitiran solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de promoción autonómica non resolto no que o interesado figurase como reserva (de conformidade co artº 39.2 do Decreto 1/2010)

O Xefe Territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

Asdo.: José Luis Díez Yáñez

